



Concello de  
**OURENSE**

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3  
32005-Ourense  
Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494  
e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**Mesa de Contratación.** Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Ana María Fernández Morenza (presidenta)  
Gonzalo Alonso Álvarez (vocal: Intervención)  
Juan Ramón Costas Núñez (vocal: asesor xurídico)  
José Javier Rivera Martínez (secretario)

Previa convocatoria ao efecto, reúnese a Mesa de contratación, ás 13:15 horas do 08/05/2019, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Admisión de ofertas, avaliación e clasificación por orde decrecente e, no seu caso, proposta de adjudicación correspondente ás seguintes licitacións:

CONTRATACION DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, VERIFICACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE PEZAS DE ONCE EQUIPOS DE IMPRESIÓN DE DIFERENTES MARCAS DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2018010948)

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP)
- Prego de cláusulas administrativas particulares

#### ANTECEDENTES.-

**Primeiro.-** O Secretario lembra aos restantes membros da Mesa de Contratación que, na sesión de 17 de abril de 2019, acordouse requirir a ECR Equipos de Oficina SLU para que no prazo máximo de cinco días hábiles acreditara ter solicitado a inscrición no ROLECSP ou no Rexistro de





## SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3  
32005-Ourense  
Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494  
e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

Contratistas de Galicia dentro do prazo de presentación de ofertas (28/03/2019), coa advertencia de que de non facelo podería ser excluído da licitación.

O 24 de abril recibiu o requirimento anterior sen que se teña acreditado en prazo a inscrición en ningún dos rexistros (ROLECSP ou Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia).

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. O procedemento aberto simplificado está regulado no artigo 159 da LCSP, que no seu apartado catro, letra f) e h) dispón que tras o acto público de apertura de ofertas, na mesma sesión, a mesa procederá a:

*1.º Previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, avaliar e clasificar as ofertas.*

*2.º Realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación.*

*3.º Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.*

*4.º Requiritir á empresa que obtivo a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que constituía a garantía definitiva, así como para que achegue o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e todo iso no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación.*

*No caso de que a oferta do licitador que obtivese a mellor puntuación presúmase que é anormalmente baixa por darse os supostos previstos no artigo 149, a mesa, realizadas as actuacións recollidas nos puntos 1.º e 2.º anteriores, seguirá o procedemento previsto no citado artigo, aínda que o prazo máximo para que xustifique a súa oferta o licitador non poderá superar os 5 días hábiles desde o envío da correspondente comunicación.*

*Presentada a garantía definitiva e, nos casos en que resulte preceptiva, previa fiscalización do compromiso do gasto pola Intervención nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria nun prazo non superior a 5 días, procederase a adxudicar o contrato a favor do licitador proposto como adxudicatario, procedéndose, unha vez adxudicado o mesmo, á súa formalización.*

*No caso de que no prazo outorgado ao efecto o candidato proposto como adxudicatario non presente a garantía definitiva, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para constituír a citada garantía definitiva.*

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV:U2W4RGWTVH0U7PMP





## **SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

Praza do Trigo, nº 2 -3  
32005-Ourense  
Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494  
e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

*No caso de que o empresario teña que presentar calquera outra documentación que non estea inscrita no Rexistro de Licitadores, a mesma terase que chegar no prazo de 7 días hábiles establecido para presentar a garantía definitiva.*

*h) No non previsto neste artigo observaranse as normas xerais aplicables ao procedemento aberto.*

No presente caso considérase probado que a empresa ECR Equipos de Oficina SLU non estaba inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, nin no Rexistro de Contratistas de Galicia, na data final de presentación de ofertas, nin tiña solicitado a inscrición, motivo polo que se propón a súa exclusión na licitación de conformidade co disposto no artigo 159.4 a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A empresa SERTECO-OR SL acredita a súa aptitude para licitar segundo a certificación do Rexistro de Contratistas de Galicia incorporada ao expediente.

Por tratarse dun procedemento aberto simplificado abreviado non se esixe garantía definitiva nin a acreditación da solvencia económica e técnica.

- II. A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).
- III. A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación.
- IV. A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede elévase a seguinte proposta á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP) condicionada á fiscalización favorable da Intervención municipal:

1.- Excluir do procedemento aberto simplificado abreviado do servizo de conservación, reparación, verificación e substitución de pezas de once equipos de impresión de diferentes marcas do Concello de Ourense (expte 2018010948), lote 1, á empresa ECR Equipos de Oficina SLU por non





acreditar a inscrición no ROLECSP ou no Rexistro de Contratistas de Galicia na data de finalización do prazo de presentación de ofertas, existindo oferta doutro licitador.

2.- Avaliar e clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación establecidos no prego, as proposicións das empresas licitadoras que presentaron oferta para participar neste procedemento aberto simplificado abreviado do servizo de conservación, reparación, verificación e substitución de pezas de once equipos de impresión de diferentes marcas do Concello de Ourense (expte 2018010948) na seguinte orde descendente:

Lote	EMPRESA	Importe oferta	Importe baixa	% baixa sobre pto base	Puntos
1	SERTECO-OR SL	2.745,25 €	144,48 €	5,00%	100

Lote	EMPRESA	Importe oferta	Importe baixa	% baixa sobre pto base	Puntos
2	SERTECO-OR SL	5.147,97 €	270,91 €	5,00%	100

3.- Declarar deserto o procedemento aberto simplificado abreviado do servizo de conservación, reparación, verificación e substitución de pezas de once equipos de impresión de diferentes marcas do Concello de Ourense (expte 2018010948), LOTE 3, ao non terse presentado ningunha oferta, e ordenar o arquivo do expediente.

4.-Adjudicar a SERTECO-OR SL, titular do NIF B32118713, o contrato do servizo de conservación, reparación, verificación e substitución de pezas de once equipos de impresión de diferentes marcas do Concello de Ourense (expte 2018010948), tramitado mediante procedemento aberto simplificado abreviado, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas, nas seguintes condicións:

**LOTE 1:**

- Prezo anual: 2.268,80 € de principal e 476,45 € de IVE, o que fai un total de 2.745,25 € o que supón unha rebaixa do presuposto base de licitación do 5,00%.

- Duración inicial: 1 ano

- Aplicación orzamentaria: 130 9202 22002 (201900009309)

MODELO	Nº COPIAS B/N	COSTE COPIA S/IVA	TOTAL € B/N	Nº COPIAS COLOR	COSTE COPIA S/IVA	TOTAL € COLOR
AF-2045	9.000	0,00861569 €	77,541210 €			
BIZHUB 250	25.100	0,01152184 €	289,198184 €			
BIZHUB 350	25.820	0,00811443 €	209,514583 €			
CLP-775ND	700	0,01292950 €	9,050650 €	3.890	0,06468600 €	251,628540 €
MP-2352SP	57.000	0,00880650 €	501,970500 €			
SCX-5835FN	75.780	0,01031730 €	781,844994 €			
SCX-5835FN	14.350	0,01031730 €	148,053255 €			
<b>TOTALES LOTE 1</b>			<b>2.017,173376 €</b>			<b>251,628540 €</b>
<b>TOTAL LOTE 1 (COPIAS NEGRAS + COPIAS COLOR)</b>						<b>2.268,80 €</b>
<b>I.V.A. (21%)</b>						<b>476,45 €</b>
<b>TOTAL LOTE 1 (I.V.A. INCLUIDO)</b>						<b>2.745,25 €</b>

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV: U2W4RGWTVH0U7PMP





Concello de  
**OURENSE**

**SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

Praza do Trigo, nº 2 -3  
32005-Ourense  
Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494  
e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

LOTE 2:

- Prezo anual: 4.254,52 € de principal e 893,45 € de IVE, o que fai un total de 5.147,97 € o que supón unha rebaixa do presuposto base de licitación do 5,00%.

- Duración inicial: 1 ano

- Aplicación orzamentaria: 130 9202 22002 (201900009309)

MODELO	Nº COPIAS B/N	COSTE COPIA S/IVA	TOTAL € B/N	Nº COPIAS COLOR	COSTE COPIA S/IVA	TOTAL € COLOR
OKI-ES8460 MFP	6.090	0,007828 €	47,672520 €	3.570	0,068201 €	243,477570 €
OKI-ES8460	17.625	0,008122 €	143,150250 €	37.480	0,068201 €	2.556,173480 €
OKI-ES7470	13.745	0,009025 €	124,048625 €	20.000	0,057000 €	1.140,000000 €
TOTALES LOTE 2			314,871395 €			3.939,651050 €
TOTAL LOTE 2 (COPIAS NEGRAS + COPIAS COLOR)						4.254,52 €
I.V.A. (21%)						893,45 €
TOTAL LOTE 2 (I.V.A. INCLUIDO)						5.147,97 €

5.- Dar traslado á Tesourería municipal aos efectos contables oportunos.

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

